

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 05.06.2014**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.10 h. do 05.06.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo (quen se incorpora cando se sinala), Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 03.04.2014**

Non habendo obxeccións, a acta queda aprobada.

### **2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 391/2014 á 493/2014**

Os concelleiros danse por informados.

### **3. Dación de conta da remisión de información do 1º trimestre do exercicio 2014 en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira**

Os concelleiros danse por informados.

### **4. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para denunciar o atraso na tramitación de novas axudas Risga**

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente 4 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista e 2 do grupo municipal do BNG) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade realizada o 30.05.2014:

“MOCIÓN PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE NOVAS AXUDAS RISGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último informe remitido polo valedor do Pobo ao Parlamento galego podemos ler o seguinte: “Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de Integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social. Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por

denegacións que se consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa proia natureza deben resolverse con urxencia.”

Nesta liña, son varios os concellos e tamén as persoas que denunciaron os atrasos de máis de sete ou oito meses de retrasos e incumprimentos nas tramitacións da RISGA e da AES. Cómpre lembrar que a Lei de Inclusión de Galiza recolle o seguinte:

“Artigo 37. Resolución

1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver.”

No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos a pobreza ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza.

Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facer fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente o que se cumpra a Lei de Inclusión social de Galiza e que se poñan en marcha de inmediato de maneira urxente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se establecen a este respecto.

Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas económicas aplicadas durante as crise, converten en papel mollado os progandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolveren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a cumprir coa Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galiza que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.

2. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que manifesta que a moción busca solicitar que se cumpran os prazos que establece a Lei á hora da concesión destas axudas porque son precisamente estas persoas ás que máis lles custa esperar 6 ou 8 meses para que se resolva un expediente.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que anuncia o voto favorable á moción e di que a Xunta de Galicia caracterizouse nos últimos tempos por ser cutre e ruín en todo aquilo que ten que ver coa política social, así non é que neste momento non vexa mal que se recorten políticas sociais, como poden ser políticas de igualdade de xénero, de exclusión social, sanidade, educación, é dicir, todas aquelas políticas destinadas a buscar a igualdade real dos cidadáns, a igualdade de oportunidades da sociedade e aquelas políticas pensadas para que os que menos teñen o pasen menos mal nestes momentos de dificultade, se non que o que pide, nestes momentos, é que non se recorten ou diminúan estas partidas senón que se incrementen, porque se tiñan sentido hai 6 ou 7 anos nunha situación económica boa e cando había moitos menos demandantes de axuda social, agora aínda ten máis sentido.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votará a favor da moción porque entende que coa crise e onde hai que fixarse é na situación real na que están as familias. Que se destinen máis cartos ao pagamento da débeda que ao mantemento dos fogares en situación de exclusión social é verdadeiramente inxusto.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que anuncia a abstención do seu grupo porque, estando de acordo cos dous puntos que presenta o BNG na súa moción, non poden máis que absterse, unha porque están de acordo e outra porque xa se está a cumprir o solicitado. En relación co primeiro punto no que se pide solicitarlle á Xunta de Galicia que cumpra cos prazos das solicitudes de Risga di que hai que ter en conta que nas solicitudes non só intervén a Xunta de Galicia senón que tamén interveñen os propios solicitantes e os concellos, polo que a tardanza é responsabilidade das tres partes. O goberno actual da Xunta de Galicia está moi concienciado con este problema e, neste sentido, reforzou o persoal dedicado á resolución administrativa deste tipo de solicitudes. En canto ao segundo punto di que non hai que instar á Xunta de Galicia porque xa o está a facer. En relación cos argumentos de recortes en políticas sociais di que non hai máis que ver os datos, así nesta partida no ano 2010, lembra que o orzamento do ano 2009 foi feito polo bipartito, e incrementouse nun 7%, no 2011 un 6,2%, no 2012 un 11,6%, no 2013 un 38% e no 2014 un 21,4%. Tamén lembra que o actual goberno da Xunta de Galicia foi o que estableceu unha partida ampliable no concepto da Risga, que significa que cando os cartos non chegan e a partida esgótase os cartos ampliáanse, así recentemente a Xunta de Galicia vén de facer unha ampliación de crédito de 2,6 millóns de euros na partina inicial de 39,7 millóns de euros, superando así os 42 millóns de euros. Isto é proba de que non só non se recorta esta partida senón que se está ampliando e significa que todas as persoas que soliciten a Risga e que cumpran os requisitos van ter os cartos. Tamén lembra que nestes días se está a falar do desenvolvemento do plan de inclusión coa creación dun plan de emprego que inclúe a todos os traballadores que estean nunha situación de Risga de máis de 6 meses. Isto é unha proba máis de que o goberno de Galicia é consciente da situación e neste sentido está a actuar.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que lle parece moi ben que indirectamente se recoñeza que o que se está a dicir é certo, así ampliouse o persoal da Xunta de Galicia porque aí é onde se estaban atascando os expedientes. Por outro lado di que no ano 2009, a taxa de desemprego era case que a metade á de hoxe e a pobreza, a exclusión e a débeda pública de Galicia duplicáronse ou triplicáronse, por iso hoxe hai que pór moitos máis cartos para paliar estes extremos de pobreza que os que había antes. Todo o que sexan plans ou cursos son bos pero agora o que se fai é desviar cartos doutras partidas, como poden ser dos plans de cooperación que pasan para cursos da xente do Risga, se quitan cartos dun lado para poñer noutro e se seguen a recortar actuacións sociais.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor, (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 abstencións do grupo municipal do PP.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Instar á Xunta de Galiza a cumprir coa Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galiza que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.**

**2. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.**

## **5. Mocións urxentes**

### **5.1 Moción do grupo mixto municipal para a celebración dun referendo no que a cidadanía española elixa libremente sobre o modelo de Estado e decida entre monarquía e república**

Por unanimidade dos presentes apróbase a urxencia e incorporación á orde do día da seguinte moción do grupo mixto municipal, emendada polo grupo municipal do BNG, á que a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, dá lectura:

Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro Antón Lois Noceda Carballo.

“Emenda do GM do BNG á moción do grupo municipal de EU

A extraordinaria importancia dos feitos acaecidos durante estas semanas, que culminou co anuncio de abdicación do Rei, mostra a necesidade cada vez máis perentoria de propiciar un cambio profundo que favoreza a rexeneración política do Estado español. É por tanto a abdicación unha consecuencia directa do deterioro profundo da Coroa e da decadencia do bipartidismo que foi o soporte do sistema monárquico.

O artigo 57.5 da Constitución española establece que as abdicacións teñen que regularse mediante lei orgánica. Con todo, tal lei aínda non se promulgou e, con todo, o actual monarca xa manifestou, a través do Presidente do Goberno, a súa decisión de abdicar en favor do seu fillo.

Sen dúbida, o momento elixido ten un contexto político e social determinado no que se evidencia, cada vez con maior claridade e forza, que a cidadanía quere participar activamente na toma daquelas decisións que lle afectan. Hoxe día, a democracia sexa non pode ser unha mera cobertura sen contido, senón que é preciso que se dote de auténtica lexitimidade, permitindo a participación activa de todos os seus membros. Por iso, é imprescindible que a cidadanía se manifeste nesta ocasión sobre o modelo político do que quere dotarse e póñase en marcha, por tanto, un referendo no que o pobo dedica se quere manter a forma monárquica ou, pola contra, opta polo modelo republicano no que a Xefatura do Estado sexa elixida mediante sufraxio universal, libre, segredo e directo pola totalidade da cidadanía. No caso galego o que a cidadanía precisa é liberdade e capacidade para decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso constituínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político.

Así, e tendo en conta o importantísimo papel que as institucións municipais teñen xogado neste tema ao longo da historia do estado español propomos a adopción dos seguintes acordos

#### ACORDOS

- 1.- Instar o Goberno de España a convocar a celebración dun referendo no que a cidadanía española elixa libremente sobre o modelo de Estado e decida entre monarquía e república.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.
- 3.- Dar traslado deste acordo ós Grupos Parlamentarios do Congreso dos Diputados, Parlamento Galego e aos Presidente do Goberno e da Xunta de Galiza.”

Abre o debate a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a moción pretende conseguir a convocatoria dun referendo para que a cidadanía española decida activamente que tipo de goberno quere e non se impoña a monarquía e, en calquera caso, de xeito hereditario como se está facendo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que o seu grupo ía votar a favor da moción cando o único que se pedía era o referendo de monarquía ou república, como agora a moción tamén incorpora o dereito á autodeterminación de Galicia e do resto de nacións que constitúen o Estado español non a poden votar a favor. Di que o PSOE é un partido que entenden a política como internacionalista e non ven a desfragmentación do Estado español en diferentes Estados. En relación coa moción di que hai unha contradición, por un lado hai unha parte que se corresponde perfectamente co ideario do seu partido, que é a instauración de España nun Estado republicano, cunha xefatura do Estado civil e electa e outro punto, o introducido polo BNG, que non comparten. Por todo isto a súa postura vai ser a abstención, agás que se modifique e non se inclúa o dereito de autodeterminación na moción. Se isto é así votarán a favor, caso contrario absteranse. Con respecto á república votarían a favor, primeiro, por entender que España é suficientemente maduro, democrático e que ten un réxime de democracia suficientemente asentado logo de 40 anos, ou para que se lle poida consultar ao pobo algo que non se lle consultou, se quere que o xefe do Estado sexa un Rei ou unha persoa electa e elixida directamente polos

cidadáns e, segundo, porque lle gusta que a xefatura sexa elixida polo pobo, que non sexa hereditaria ou que responda a unha fórmula dogmática, que é algo absolutamente anacrónico e que fai que un sistema democrático sexa máis ou menos perfecto. En relación co referendo tamén quere matizar que estes días estase a falar se hai que votar ou non no Congreso dos Deputados a aceptación ou non da abdicación do Rei vinculando iso a unha especie de voto a favor ou en contra da monarquía e isto non é así xa que as Cortes só votarán se aceptan ou non a abdicación do Rei, de non aceptala o Rei seguiría sendo Rei e no case de aceptala abriríase a sucesión da xefatura do Estado. Con isto di que a vía para poder ter unha república en España non é aceptar ou non a abdicación do Rei senón que é modificar a Constitución e é a propia Constitución á que establece os mecanismos para iso. Por iso, aínda que a moción só fala dun referendo pensa que o fundamental é tramitar unha reforma constitucional e que as Cortes debatan a reforma constitucional sobre a forma da xefatura do Estado. Este tipo de reforma precisa non só a aprobación das Cortes senón que tamén precisa a ratificación do cambio nun referendo. Se se fai un referendo agora logo haberá que facer outro para a modificación da Constitución. Por iso pensa que o paso lóxico e normal é tramitar a reforma constitucional no Congreso dos Deputados e logo, de ser o caso, ratificala nun referendo. Non obstante, como non son Poder lexislativo e non teñen competencia para isto, a súa competencia neste debate só é a de manifestar a súa postura, se lles gusta máis unha xefatura do Estado republicana ou monárquica e engade que ao seu grupo gústalle máis a xefatura republicana. Por iso votarán a favor da moción se non se inclúe o dereito de autodeterminación ou absteranse para que, cando menos, aquela parte da moción na que están de acordo poida saír adiante e o Pleno de Fene poida posicionarse a favor da xefatura do Estado republicana.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que a moción está consensuada con quen presenta a moción, por iso retiraron a súa moción e van manter esta tal e como foi presentada. Deixando a un lado un debate máis parlamentario, pensa que é o momento de facer debate sobre o modelo de Estado, sobre todo sobre o dereito a decidir sobre o modelo de Estado e non queren que Galicia, unha vez máis, se quede no furgón de cola mentres que outras comunidades históricas están levando adiante un proceso encamiñado na dirección sobre o dereito a decidir.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que anuncia o voto en contra do PP á moción e tamén á emenda que incorpora. Comparte co voceiro socialista algunha consideración respecto da reforma da Constitución e di que quen queira cambiar a forma do Estado ten que seguir o procedemento oportuno segundo establece o texto constitucional, debendo facer unha proposta no Congreso dos Deputados e sometela á legalidade establecida. A nivel persoal di que lle fai graza a discusión entre monarquía e república e pregunta, ¿que pasa cos que non están de acordo con ningunha destas opción?, xa que en calquera país civilizado pensa que sería abondo coa existencia dun presidente do goberno e un vicepresidente, un presidente do Congreso e que desaparecese o Senado. Semella que hai que elixir entre dúas opcións cando as fórmulas poden ser moitas e todas enriquecedoras e non ter que estar sometidos sempre aos canles establecidos.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que en calquera caso hai que acatar as decisións do pobo. En relación coas alusións á modificación da Constitución di que quedou demostrado que cando se quere se pode, xa que nunha fin de semana modificouse o artigo 135 da Constitución. Di que aceptou a emenda do BNG porque o fondo da cuestión é solicitar un referendo para que o pobo vote e decida, e isto non varía o sentido da moción.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que a moción orixinal fala dun referendo a favor da república e agora fala disto e dun proceso constituínte a favor da autodeterminación de Galicia, sendo temas fundamentalmente diferentes. Se se acepta votar por separado os puntos os votarán, caso contrario a súa postura será a abstención. En relación coas diferentes correntes no PSOE di que son certas, públicas e notorias. Non obstante, por eles non é, xa que ano tras ano defenderon a reforma constitucional e repite que hoxe no caso de someter só a votación o referendo sobre a república votarán a favor, con independencia das diferentes correntes ou sensibilidades do partido. Están de acordo coa parte que introduce o BNG da necesidade de que o debate non se circunscriba unicamente á xefatura do Estado, o seu partido tamén entende que é preciso facer unha reforma constitucional que afecte a moitas cuestións, así si falan da división territorial do Estado, para transformar dunha vez por todas España nun estado federal, para modificar o Senado e darlle competencias ás Comunidades Autónomas que pasarían a ser Estados federados da Federación española, son partidarios de modificar a Constitución para

temas que teñen que ver coa Unión Europea ou con temas sociais, como a igualdade de xénero e outras, con maior transparencia política e capacidade de participación dos cidadáns na política. É reformar o Estado en moitos máis aspectos que neste, que é se cabe o máis simbólico e con pouca consecuencia práctica na vida dos cidadáns. Agora o PSOE non comparte o asunto da autodeterminación. Acláralle ao alcalde que un Estado ou é monárquico ou republicano, non pode ser X, non ten que existir unha xefatura do Estado para que exista unha república, así tamén pode haber un presidente do goberno que sexa tamén xefe do Estado.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que volve ler a parte emendada do punto 2 da moción que di "para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir" por se non se entendeu ben o que quería dicir, non se pide a autodeterminación senón que se pide poder decidir.

**Sometido o asunto a votación obtense, en primeira votación, un empate con 6 votos a favor (5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), 6 en contra do grupo municipal do PP e 5 abstencións do grupo municipal do PSOE.**

**A continuación procedese a facer unha segunda votación obténdose os mesmos resultados que na primeira, 6 votos a favor (5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), 6 en contra do grupo municipal do PP e 5 abstencións do grupo municipal do PSOE, e declárase non aprobado o asunto segundo o voto de calidade do alcalde.**

## **6. Rogos e preguntas**

O voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se lles conteste ás preguntas pendentes, moitas presentadas por escrito no rexistro e que aínda non se lles contestaron dende hai tempo.

- En relación coas obras nas beirarrúas da avenida do Tarrío, no Pleno pasado o alcalde contestoulles que unha persoa ía estar todo o mes de maio traballando para arranxalas, pero as beirarrúas seguen mal polo que queren saber se van quedar así ou se vai seguir traballando nelas.

Contéstalle o alcalde que esta avenida xa foi arranxada, que estivo un albanel traballando, así pódese constatar perfectamente pola diferenza do color dos baldosines. Outra cousa é que as beirarrúas estean deterioradas e que teñan que ser obxecto dunha remodelación como o está sendo a avenida Marqués de Figueroa ou as beirarrúas da avenida Naturais. É evidente que o deterioro é normal pero nestes momentos non se pode facer fronte a semellante inversión, agás que se estableza como prioridade a beirarrúa fronte á rede de saneamento, así este goberno estima que non.

- Na rúa Santiago de Barallobre os veciños seguen reiterando o exceso de velocidade na zona polo que reiteran que se negocie coa Deputación Provincial da Coruña para que se instale algún mecanismo de control da velocidade e da mellora da seguridade nesa zona, como poden ser sinalizacións verticais, luminosas e demais. Tamén quere preguntar pola instalación dos quitamedos na curva da farmacia se hai feita algunha xestión coa Deputación Provincial?.

Contéstalle o alcalde que se realizaron varias xestións coa Deputación Provincial e reitera que esta non quere instalar bandas rugosas nin utilizar elementos que poidan provocar accidentes ou ben queixas dos veciños como consecuencia dos rúidos. A opción que ve máis factible para a zona será a de utilizar o radar da Garda Civil de tráfico cando llo concedan.

- ¿Que criterios está a seguir a Concellería de Servizos respecto das rozas que se están facendo en distintas zonas do Concello?, xa que teñen queixas de todas as parroquias porque semella que se vai saltando dun camiño para outro sen moito criterio ou por que quedan os refugallos das rozas nas gabias.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, Jose Andrés Serantes Panceiras, que hai feito un plan de rozas que fixo o encargado de servizos e puido ser que algunha vez, de xeito puntual, se cambiase o tractor de lugar, pero estase seguindo o plan.

- ¿Cando está previsto que teñan o abastecemento de auga os veciños da zona dos institutos, xa que case hai 3 anos que as obras están rematadas?

Contéstalle o concelleiro de obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que di que Viaqua lle informou que no seu día houbera moitos problemas e que agora estaban atendendo ás solicitudes que tiñan licenza, non obstante informarse e contestaralle máis adiante.

- Di que recibiron queixas sobre ratas e roedores en distintas zonas do Concello, como é en Perlío na zona do mercadiño, no contorno do parque do río Cádavo e do río Fene. Roga que se faga unha campaña seria de desratización no conxunto do Concello.

- ¿Funciona o enlace da páxina web do concello de liña directa co alcalde e se hai alguén que o antenda ou non?. Recibiron queixas de persoas que utilizaron o servizo hai meses e non recibiron contestación algunha.

Contéstalle o alcalde que o consultará pero pensa que está sendo todo redireccionado ao seu correo electrónico e o que lle chega o contesta.

- En relación co horario da piscina no verán quere saber, ¿vai abrir os meses de verán ou non? e se é que si, ¿canto vai custar o servizo?.

Contéstalle a concelleira de Deportes, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que si vai abrir no verán no mes de xullo, en agosto non está previsto a apertura. Respecto dos custes di que están traballando na apertura e nos custes de socorrismo e agora non os pode precisar.

- En relación cunha vivenda que ardeu estes días pasados quere saber se o Concello prestou algún tipo de axuda ou partida de apoio aos veciños que sufriron as consecuencias do lume.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais, Juana Barro Couto, que di que se acudiu dende o primeiro momento, ás 4.00 h., pola mañá unha traballadora social púxose en contacto coa familia, acompañóuselles a buscar aloxamento que foi no Hostal Allegue, as comidas as fan no restaurante Mundial e axudóuselles a mercar roupa. Espera que en 10 días se arranxe o problema coa concesión dun novo aluguer xa que a familia estaba dentro do programa de aluguer da Xunta de Galicia.

- Reiteran todas as preguntas e rogos do anterior Pleno xa que non se fixo nada. Nas fochancas das Pías semella que se fixo algo pero a zona do radar segue a estar intransitable polo que quere saber se iso vai quedar así ou se vai arranxar?.

Contéstalle o alcalde dicindo que á reiteración das preguntas feitas no pleno anterior dá por reiteradas as contestacións que lle deu a quen fixo de voceiro naquel Pleno, o señor Noceda.

- Reitera o estado da Rúa da Fraga, o asfalto vai descompoñéndose e van aparecendo outras zonas nas que se vai despegando o asfalto novo e pregunta se hai algunha solución por parte da Deputación?. Se non é así roga que se lle inste a facelo.

- ¿Hai algún avance respecto dos terreos da auga de Magalofes?

- ¿Hai algún avance respecto do PXOM para poder primeiro, presentarllo ás sociedades e logo traelo a este Pleno para poder ser aprobado?

- ¿Hai algún avance respecto das obras do río Cádavo en Perlío?. Unha vez máis insistirá en que debe ser non canalizado de novo senón que pensa que débese sacar a superficie.

- ¿Hai algún avance respecto da limpeza e mantemento do centro de saúde?, xa que segue no mesmo estado lamentable que estaba hai un mes.

- Na beirarrúa fronte ao Círculo de Perlío hai unha fochanca marcado cun pao de advertencia polo que roga que se arranxe canto antes.

- Roga que, logo de que se arranxase o panel da marquesiña de Conces, o Concello instale uns asentos.

- Souberon polos xornais que Fene ía compartir cos Concellos de Ares e Mugardos unha serie de proxectos e programas de emprego polo que pregunta, ¿en que consisten?.

Contéstalle o alcalde que en relación coa nova que sae hoxe nos xornais sobre as escolas obradoiros que se van compartir con Ares e Cabanas di que xa se lles dou conta na Comisión das solicitudes das escolas obradoiros e na seguinte Comisión daráselles conta da concesión.

- Logo de ter preguntado xa en varios plenos e comisións polos orzamentos se ten dito que había outras prioridades e logo que se ía traballar neles e, sen previo aviso, nunha entrevista nun xornal o alcalde anuncia que xa teñen feito un borrador do orzamento con cartos concretos para partidas concretas e a oposición non sabe absolutamente nada, nin se lle informou nin se lle facilitou unha copia do borrador. Di que se queren aprobar o orzamento levan mal pé facendo que a oposición coñeza isto polos xornais cando estase a preguntar en todos os Plenos e non se lles dá ningunha resposta. Contéstalle o alcalde que non lle fixeron ningunha entrevista, saíu unha nova a raíz dunha chamada telefónica ao que só se fixo referencia a unha entrega de cartos da sociedade Agarimo a Cáritas e ao aumento da partida de emerxencia social e, en todo caso, a subscripción dun convenio con Cáritas. Iso foi o que pasou e aclara que non foi unha entrevista senón unha nota de prensa que saíu da redacción de Ferrol.

- Hai uns meses preguntaron por unha exposición de Luís Davila que foi censurada pola Concellería de Cultura na Casa da Cultura de Fene, daquela preguntaron por que non puidera expoñer e a concelleira díxolles que na revisión que fixera das viñetas lle parecía improcedente, así o PSOE defendeu o contrario pois se trata dun dos artistas de humor gráfico máis destacados de Galicia nestes momentos. Así e todo, o 16.05.2014 saíu unha nova no xornal El País no que se fala do Museo do Humor de Fene, facendo fincapé nas 3 décadas que leva funcionando e remata, a nova, dicindo que o Concello de Fene prepara unha edición limitada de 500 unidades dun cartel conmemorativo con litografías de Xildo, Miguel Anxo Prado, de Pinto e Chinto ou de Luís Davila entre outros nomes propios das artes gráficas, que regalarán unha viñeta de aniversario ao Museo do Humor. Entón, se hai un artista que segundo a concelleira de Cultura non é digno e agora, o goberno municipal invítalo a facer unha viñeta de aniversario para que quede exposta permanente. ¿É ou non é digno?, ¿é apropiado ou non o é?. Se é apropiado roga que se lle invite a expoñer a súa obra na Casa da Cultura.

Contéstalle a concelleira de Cultura que non lle pode contestar porque da súa boca non saíu nunca que ese señor non era digno para expoñer no Museo do Humor, o que dixo foi que a exposición que se lle presentou, que non o fixo este señor, non era nese momento axeitada, o cal non quere dicir que este señor non sexa para expoñer no Museo do Humor.

O concelleiro do grupo municipal, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación á pregunta feita no pasado Pleno en relación a se o goberno coñecía que parques infantís se adaptan á normativa en vigor o goberno só lle contestou á pregunta coa entrega, na Comisión de Urbanismo, dunha memoria das obras realizadas nos parques infantís xunto coas actas de recepción das devanditas obras. Isto pode ser a resposta ao preguntado na Comisión pero, non responde ao preguntado no Pleno que é, ¿cantos parques cumpren coa normativa en vigor?, xa que o contrato establecía, e así consta na documentación que se lles facilitou, que xunto as obras dos 6 parques se contemplaría a aplicación, por parte da empresa, da homologación das áreas de xogos á normativa vixente. Por iso pregunta, ¿está dito certificado en poder do Concello? e, ¿podería contestarlle alguén do goberno cales de estes parques cumpren coa normativa en vigor e cales non nun prazo breve de tempo?, pois xa hai 2 meses dende que se lles preguntou. Tamén pregunta se lles poden contestar respecto do cumprimento da normativa en vigor do resto dos parques do Concello.

Contéstalle o alcalde que si os parques cumpren a lexislación vixente o terá que dicir o técnico correspondente ao que se lle pedirá o correspondente informe, que se lles achegará.

Polo demais, o alcalde di que as preguntas formuladas por escrito se contestarán tamén por escrito.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se proceda á limpeza dos predios municipais e privados, que se axilice a súa limpeza, especialmente na zona do polígono do Vilar do Colo ou en Maniños, onde a maleza vén enriba dos camiños.

- Roga que se arranxe un rexistro da rede de saneamento nas vivendas dos Castros.

- Roga que se actúe nas vivendas que están en ruínas ou mal estado, que se faga un plan sobre este tipo de construcións, xa que nalgunha delas hai 6 meses que se puxo unha valla e non se tomou ningún outro tipo de determinación.

Contéstalle o alcalde que esta vivenda na que se puxeron as vallas ten un expediente aberto.



- Roga que se limpe o Camiño Porto do Río que está en moi mal estado. Di que un camiión rompeu hai tempo a ponte que pasa por enriba do río e segue sen arranxo.

- Roga que se lle contesten os escritos que presentaron no mes de marzo nos que se pedía información por unha serie de facturas. Na Xunta de Voceiros comentouse que se daría unha relación de facturas para concretar cales delas interesarían pero a día de hoxe non teñen esa información.

- Estes días na Casa da Cultura volver haber monólogos e o sitio, neste tipo de actuacións, sempre queda pequeno, polo que roga que se tentase facer noutro sitio con máis aforo, por este motivo tamén roga que non se lle faciliten invitacións aos concelleiros para que poidan asistir máis veciños. Contéstalle o alcalde que saben que na anterior edición o local enchíase pero, esta edición en concreto, vai vinculada ao 30 aniversario do Museo do Humor, polo que non é moi lóxico sacalo a outro local. Di que se pensou en facelo pero ao final decidiuse facelo así.

- En relación cos rogos feitos no Pleno pasado pregunta: ¿Fíxose algunha xestión relacionada co balizamento das praias?

Contéstalle o alcalde que foi manter unha reunión na Capitanía Marítima de Ferrol e expuxo os problemas que había nas praias de Limodre, concretamente cos barcos que se achegan á praia. Para facer o balizamento habería que ter autorización de Costas e as balizas as tería que pagar o Concello. Díxéronlle que eran carísimas e por iso non pensou nin pedir orzamento, non obstante pódese pedir un orzamento para ver canto son de caras. Daquela a única solución que viron foi facer advertencias da Policía Local dende terra e tentar ter unha maior presenza da lancha da Garda Civil do Mar para patrullar e evitar que os barcos se acheguen en exceso á praia.

- ¿Que lavadoiros se limparon co plan que se ía facer?, por que a maior parte deles están cubertos de maleza.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que lle contestará por escrito porque sabe que se limparon 6 ou 7 pero non lembra con detalle cales. Tamén ten que dicir que quedou decepcionado da súa limpeza, pois aínda que quedaron limpos ao mes e pouco xa volvían estar perdidos.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- No pleno de abril pediron unha copia que se lle achegara ao Valedor do Pobo respecto do pai dun neno do Maniños e lembra que aínda non a ten.

- En relación coa desratización xa deu queixas de que a zona de Barallobre, preto do edificio de Fondomar, precisaba dunha actuación e ditas queixas proseguen.

- Respecto do exceso de velocidade preto da farmacia de Sillobre roga que se actúe, xa que calquera día haberá un accidente no paso de peóns, sobre todo por parte dos coches que baixan e que ademais contan cunha curva previa.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que estivo ali co encargado da Deputación e díxolle que estaba ben sinalizado, que era cuestión de que os condutores non respectan os límites de velocidade.

- En relación coas rozas roga que se limpe a zona próxima á Casa da Cultura e na rúa da Torre en Perlío, xa que a maleza invade as beirarrúas.

Contéstalle o alcalde que di que a roza da Casa da Cultura pensa que xa está feito.

- En relación cos farois das Pías que a semana pasada estaban apagadas e esta noite tamén, polo que quere saber, ¿estaban fundidas as lámpadas ou había un fallo na instalación?, ¿que se sabe?.

Contéstalle o alcalde di que preguntarán que pasou.

- Roga que se incida na campaña policial como consecuencia dos roubos nas casas, mesmo onte entráronlle na casa a un veciño preto das 15.00 h., unha hora na que case todo o mundo está na casa.

Contéstalle o alcalde que aínda que haxa máis control da Policía Local hai que recomendarlle á xente que denuncie os roubos.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 19.15 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García